Lección 14

# A boa lectura distrae, ensina e cura

# A literatura galega I

## s. XIII XV

### LITERATURA MEDIEVAL

- *Cancioneiro da Ajuda*
- *Cancioneiro da Colocci-Brancuti*
- *Cancioneiro da Vaticana*
- *Pergamiño Vindel*

## s. XVI XVII

### SÉCULOS ESCUROS

**Doma e castración de galicia**
**Abundancia de textos notariais**

- *Décimas ao Apóstolo Santiago*
- *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño*

## s. XVIII

### ILUSTRACIÓN

Padre Feijoo - Padre Sarmiento
( Literatura popular)

- *Coplas de entroido, os Reis, os maios, as regueifas*
- *Artigos de prensa (textos propagandísticos contra os franceses)*

Xogos Florais

## s. XIX

### REXURDIMENTO

Rosalía de Castro
- *Cantares gallegos*

Manuel Curros Enríquez
- *O divino sainete*

Eduardo Pondal
- *Queixumes dos pinos*

Valentín Lamas Carvajal
- *O catecismo do labrego*

Marcial Valladares
- *Maxina ou a filla espúrea*

## s. XX ata 1950

### IRMANDADES DA FALA

Antón Vilar Ponte

### GRUPO NÓS

Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Afonso Daniel Rodríguez Castelao

### SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Ricardo Carbalho Calero, Xosé Filgueira Valverde

### XERACIÓN DOS 25

Manuel Antonio

**Guerra civil e o traballo na galicia exterior**

Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor

## s. XX a partir de 1950

### EDITORIAL GALAXIA

Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, Bernardino Graña

**100 anos de cantares gallegos**
**Día das Letras Galegas**

### NOVA NARRATIVA GALEGA

Eduardo Blanco Amor, Ánxel Fole

### XERACIÓN DO 36

Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño

### PROMOCIÓN DE ENLACE

Luz Pozo Garza, Antón Tovar

### XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS

Méndez Ferrín, Novoneyra, Xohana Torres

**Mostras de Teatro**
**Asociación O Facho**
**Agrupación Cultural Abrente**

## finais do s. XX-XXI

### DIVERSIFICACIÓN DE VOCES E TENDENCIAS

| Cor | Significado |
|---|---|
| Azul | Movemento |
| Verde | Autores/as |
| Laranxa | Obras |
| Vermello | Acontecementos |
| Marrón | Actividade |

## Referencias e relación temporais no pasado

- **Aquel** día | mes | ano  ixera moitas viaxes.
- **Aquela semana | mañá | tarde | noite** xa vos viramos pasear antes.
- **Ao día | mes | ano seguinte** sacaramos moitas fotos coas nenas.
- **Á semana | mañá | tarde | noite seguinte** xa gastaran todos os cartos.
- **O día | mes | ano anterior** coñecéranse no supermercado.
- **A mañá | tarde | noite | semana anterior** saíches ata ben tarde.

## Como expresar coordinación

**Copulativas (e, e mais, nin):** empréganse para sumar ou engadir información.

- María  fixera un grao e despois estudou un máster.
- Cando chegue  fixera a compra e mais prepara a cea.
- Non durmiches nin descansaches ben en toda a semana.

**Adversativas (pero, mais, porén):** introducen unha idea que contrasta con outra anterior, restrinxindo ou negando o seu significado.

- Celso cáeme ben, pero non o vou invitar á miña festa.
- Traballa moito, mais nunca ten un peso.
- Estudou Maxisterio, porén nunca o exerceu.

**Disxuntivas (ou):** expresan opcións entre as que se marca unha alternativa.

- Imos ao cine ou vemos un filme na casa?

**Distributivas (ora... ora, ben... ben):** expoñen accións alternativas, pero que non se exclúen.

- Ora fala ben das amigas, ora non as quere ver.

**Explicativas (é dicir, ou sexa, isto é):** explican ou aclaran o significado da primeira proposición.

- Din que é un forasteiro, ou sexa, que non é de aquí.

## Indefinidos

| Indefinido | Exemplo |
|---|---|
| un / uns | *uns* papeis |
| unha / unhas | *unha* pomba |
| algún / algúns | *algún* tipo de viño |
| algunha / algunhas | *algunha* vez |
| outro / outros | imos ir *outro* día |
| outra / outras | na *outra* beira |

Estas formas contraen con **de, en** e **con**:

| | un | unha | uns | unhas |
|---|---|---|---|---|
| **de** | dun | dunha | duns | dunhas |
| **en** | nun | nunha | nuns | nunhas |
| **con** | cun | cunha | cuns | cunhas |

| | algún | algunha | algúns | algunhas |
|---|---|---|---|---|
| **de** | dalgún | dalgunha | dalgúns | dalgunhas |
| **en** | nalgún | nalgunha | nalgúns | nalgunhas |

## O copretérito

| 1ª conxugación | 2ª conxugación | 3ª conxugación |
|---|---|---|
| andaba | varría | vivía |
| andabas | varrías | vivías |
| andaba | varría | vivía |
| andabamos | varriamos | viviamos |
| andabades | varriades | viviades |
| andaban | varrían | vivían |

### Usos

**Accións no pasado que transcorren ao mesmo tempo ca outra acción:**

· Cando *chegaches*, eles *marchaban.*

**Acción que se realiza habitualmente:**

· Antes *facían* deporte todos os días.

**Accións en futuro:**

· Hai tempo que me *dixo* que *volvía* na primavera.

**Expresar cortesía:**

· Quería *saber* a hora.

## Ligazóns de interese

- Apiario. Formación en escrita creativa
- Asociación de escritoras e escritores en lingua galega
- Breve historia da literatura galega
- Galicia le
- Biblioteca Provincial Deputación da Coruña
- Tecedeiras. Escrita creativa
- Triqueta editora (lit. infantil descargable de balde)
- Perfil autora Rosalía Morlán

## Notas da sesión